


Seguridade coas amoladoras

As **amoladoras** e as **miniamoladoras** son máquinas eléctricas portátiles que se utilizan como **ferramenta de corte, esmeriladora, lixadora, cepillo de arames, desbastadora e pulidora**; especialmente nos traballos de construción e metal.



Lembra!

Antes de usar a máquina, debes **coñecer o seu funcionamento** e os sistemas de seguridade e protección (manual de instrucións).



INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

PREVENCIÓN DE RISCOS NAS AMOLADORAS

ISSGA.XUNTA.GAL



Edita: ISSGA - Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

PREVENCIÓN DE RISCOS NAS AMOLADORAS

Non te amoles

Riscos / causas de accidentes




Cortes, abrasións, contactos e/ou atrapamentos cos elementos móbiles da máquina.



Golpes por caída de obxectos ou ferramentas en curso de manutención.



Inhalación de po procedente do material ou da ferramenta utilizada.



Utilización non adecuada da máquina e dos discos.



Proxección de partículas do material traballado ou de fragmentos por rotura da ferramenta (disco, lascas, etc.)




Sobreesforzos e posturas forzadas.



Exposición a ruído e vibracións.



Caídas de altura en ausencia de proteccións.



Contactos eléctricos directos ou indirectos.

Orixe dos riscos

- Mala elección do disco.
- Utilización inadecuada da máquina (velocidade tanxencial demasiado elevada, dirección inadecuada do corte, soltar a máquina sen parar, etc.).
- Esforzos excesivos sobre a máquina que conducen ao bloqueo do disco.
- Existencia de po procedente do material traballado e das moas.
- Non utilización de sistema de extracción de po.
- Danos á máquina. Non empregar o cable para transportar ou arrastrar a máquina. Para desenchufar a máquina tirarase da caravilla o máis perpendicularmente posible á toma de corrente.
- Mal funcionamento da máquina. A anomalía máis usual é a ausencia de movemento por avaría dos compoñentes mecánicos ou dos elementos de alimentación.
- Ruído ou vibracións excesivas debidas xeralmente a un problema de rolamientos ou a unha montaxe defectuosa da moa. As escobillas ou motor están en mal estado, ventilación inadecuada, etc.
- Posturas inadecuadas ou traballo en posición inestable.
- Atascos que produzan xiros.
- Presenza de persoas (ou instalacións sensibles) próximas á zona de traballo.
- Defectos no cable de alimentación, tomas de corrente inadecuadas ou corte involuntario de conducións eléctricas.

Montaxe e usos de discos

- Seleccionar discos de diámetro e características adecuadas ao traballo a realizar, compatibles coa potencia da máquina e libres de defectos, respectando o sentido de xiro indicado nel.
- É conveniente facer xirar o disco manualmente para asegurar que está ben centrado e non roza coa carcasa envolvente de protección e/ou as guías de precisión. Evitar a presenza de corpos extraños entre o disco e o protector.
- Evitar:
 - ✗ Discos de diámetro distinto ao admitido pola máquina, número de revolucións non adecuado, disco impropio para o material que se vai traballar, etc.
 - ✗ Disco en mal estado (gretado ou deteriorado) ou montaxe defectuosa. Todo iso pode dar lugar á rotura e proxección de fragmentos, que poden afectar calquera parte do corpo e especialmente os ollos.
- ✓ Utilizaranse os discos apropiados, segundo as rpm e material sobre o cal se aplica.

Medidas preventivas

- ✓ É obrigatorio respectar en todo momento as recomendacións de seguridade feitas polos fabricantes nos seus manuais.
- ✓ Efectuar o mantemento básico e controis especificados no manual de instrucións, desconnectada do enchufe.

✓ EPI:



Utilice pantalla facial, lentes de protección ou lentes de seguridade; a protección dos ollos deberá poder deter os refugallos despedidos xerados nas distintas operacións.



A máscara contra o po ou respirador deberá poder filtrar as partículas xeradas pola operación que se realice.



Protectores auditivos; unha exposición prolongada a ruído de alta intensidade podería ocasionar perda auditiva.



Luvas, mandil de taller e calzado de seguridade que poida deter pequenos fragmentos abrasivos ou pezas de traballo.

- ✓ Utilizar **indumentaria adecuada**, evitando roupa frouxa ou esfañada e accesorios que poidan engancharse ás partes móbiles da máquina.

- ✓ Utilice a máquina para as operacións especificadas polo fabricante e cos accesorios indicados por este, sen anular os dispositivos de seguridade.
- ✓ Antes de poñer en marcha a amoladora **comprobar que está apagada e que non hai persoas no raio de acción** das partículas que se desprendan. En caso necesario instalar o apantallamento oportuno do posto de traballo utilizando para iso lonas ignífugas, pantallas ou biombos para limitar a proxección de partículas e absorber parte do ruído xerado.
- ✓ Non utilice a ferramenta preto de materiais inflamables posto que as faíscas poderían incendialos.
- ✓ En traballos en que se xere po debe conectarse o equipo a un sistema de captación e extracción forzada eficaz.
- ✓ Traballar sobre unha base firme mantendo unha posición estable e suxeitando e guiando a radial coas dúas mans.
- ✓ Suxeitar as pezas para traballar de forma segura.
- ✓ Se se bloquease o útil, **desconectar a radial e, unha vez parado o xiro, liberar o útil.**
- ✓ Durante a amoladura debe **manterse colocada a protección do disco (carcasa envolvente).**
- ✓ Ao terminar, e antes de pousar a máquina, é necesario **esperar pola parada do útil sen frealo coa man**, desconnectándoa seguidamente da enerxía.